



DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

TR341E - PROGRAMA DE AXUDAS Á CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ESTABLES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITUDE/EXPEDIENTE RELACIONADO

Nº REXISTRO	EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Non ter concedida ou solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade

Ter concedidas ou solicitadas outras axudas para a mesma finalidade:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo V: autorización para a comprobación de datos das persoas traballadoras con discapacidade do CEE contratadas con carácter indefinido, de non se ter presentado con anterioridade.
- Relación das facturas e doutros documentos xustificativos dos gastos realizados, asinada pola persoa responsable do CEE, conforme o modelo que consta na páxina web <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-sbvncions/emprego>
- A relación de documentos xustificativos do gasto, indicada no parágrafo anterior, en formato editable (folla de cálculo).
- Facturas ou outros documentos xustificativos do gasto, así como xustificantes bancarios de pagamento, identificadas e ordenadas segundo a relación a que se refire o punto anterior. Nos xustificantes bancarios deberá constar, claramente, a persoa emisora e perceptora e o concepto do gasto.
- Adquisición de bens inmobles: xuntarse certificado de taxador independente, debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, en que se acredite que os fondos que se van xustificar corresponden á adquisición de bens inmobles, se e o caso.
- Extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida. Os documentos contables que se xunten deben incluír as contas ou subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as datas e os números de asentos contables. Estes documentos contables poden ir xunto cunha breve descrición sobre a sistemática de contabilización dos gastos, de ser o caso.
- Documentación específica para as axudas á creación de postos de traballo estables artigo 38.
- Documentación acreditativa (fotografías ou documentos equivalentes) do cumprimento das obrigas de difusión a que se refire o artigo 19.h) desta orde (colocación de rótulo).
- Relación certificada das novas persoas contratadas con carácter indefinido, ou cuxos contratos se transformaron en indefinidos e polas cales se pide subvención, segundo o modelo que consta na páxina web <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-sbvncions/emprego>, debidamente asinada pola persoa responsable do CEE, se non foi presentada con anterioridade.
- A relación indicada no punto anterior en formato editable (folla de cálculo), se non foi presentada con anterioridade.
- Certificación, asinada pola persoa responsable do CEE, da relación do cadro de persoal con discapacidade con contratación indefinida na data de presentación da documentación xustificativa, segundo o modelo que consta na páxina web <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-sbvncions/emprego>
- A certificación indicada no parágrafo anterior en formato editable (folla de cálculo).
- Certificación de discapacidade recoñecida fóra de Galicia, de ser o caso.

Se se dá algunha das circunstancias sinaladas no artigo 38.6, regra 2ª, deberá acreditarse, cando proceda, de ser o caso.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1., letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de